



MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA 1

Apertura dos sobres "A" de documentación administrativa simplificada e criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Na Casa do Concello de Riveira, sendo as once horas do un de marzo de dous mil dezanove, réunese a Mesa de Contratación baixo a presidencia do alcalde Manuel Ruiz Rivas, coa asistencia do secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, do interventor Pablo Bao Castro, da técnica de administración xeral de secretaria María Sieira Ríos, e do secretario da Mesa, o auxiliar administrativo da oficina de contratación Ángel Manuel Pena Romay, co fin de proceder á apertura dos sobres de documentación administrativa e criterios avaliados mediante xuízos de valor de cada un dos licitadores presentados para a contratación que se indica a continuación:

Obxecto	Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre Palmeira e Aguiño.
Orzamento de licitación	Base Impoñible: 413.221,06 euros IVA 21%: 86.776,41 euros Orzamento total de licitación: 499.997,47 euros
Valor estimado do contrato	413.221,06 euros
Prazo de entrega	60 días naturais contados a partir da formalización do contrato.
Procedemento	Procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adjudicación.

Esta actuación está cofinanciada en un 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) mediante o Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con varios criterios de adjudicación, o prego de prescricións técnicas redactado polo enxeñeiro industrial Javier Regueira Miguéns, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 459 60900, aprobáronse por acordo da Xunte da Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 24/01/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 28/02/2019, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación foron presentadas de forma completa, a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira, as ofertas dos seguintes licitadores:

- 1.- Ferrovial Servicios, S.A.
- 2.- Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.
- 3.- Manuel Novoa Castro, S.L.U.

Sendo obxecto da reunión do día de hoxe a apertura dos sobres "A", de Documentación administrativa e criterios avaliados mediante xuízos de valor que conteñen a declaración responsable e a oferta técnica de cada un dos licitadores presentados a esta contratación, **non é posible realizar o acto de apertura**, debido a que a plataforma de contratación do Concello de Riveira presenta problemas para proceder ó descifrado das ofertas técnicas presentadas polos licitadores. Postos en contacto co soporte da plataforma, este comunica a imposibilidade de realizar o acto ata que se solucionen as deficiencias atopadas.

A MESA DE CONTRATACIÓN, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Suspender o acto de apertura ata ter solucionados os problemas detectados na plataforma de contratación do Concello de Riveira.

Levantándose esta reunión pola Presidencia, e estendéndose a presente acta, que asinan dixitalmente os asistentes, e do que, como Secretario da Mesa, dou fe.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30004F81F00G9C5S8O7T8G7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/03/2019
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 05/03/2019
MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 05/03/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 05/03/2019
ANGEL MANUEL PENA ROMAY-AUXILIAR ADMINISTRATIVO CONTRATACION - 05/03/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/03/2019 13:26:39

DOCUMENTO: 20190325663

Fecha: 05/03/2019
Hora: 13:29

